

Manter os oficios tradicionais é garantía de conservación dos nosos edificios e da nosa cultura, e de recuperación dos nosos recursos.



Os oficios

94. Como eran?

Ata a Revolución Industrial, na que comezaron a aparecer os novos materiais industrializados e fabricados en serie, a edificación confiábaselles aos artesáns da construción, entre os que se encontraban os canteiros, os albaneis, os carpinteiros, os chumbeiros, etc., que dominaban unha técnica ou o coñecemento de determinados materiais.

95. Seguen a ser necesarios?

Os edificios históricos son o resultado do traballo destes artesáns, e as revocaduras de cal, as estruturas, fiestras e galerías de madeira ou os muros de pedra que queremos conservar necesitan do coñecemento e experiencia que estes artesáns posúen. Moitas das técnicas de construción tradicionais hoxe xa foron recuperadas e son, en xeral, as máis axeitadas para realizar obras nos edificios históricos.

96. E os novos oficios?

As comodidades e os servizos que hoxe temos nas nosas vivendas son consecuencia da evolución dos materiais e de moitas solucións técnicas ou construtivas que requiren a participación de especialistas nas novas técnicas de construción. As novas tecnoloxías aplicadas á fontanería, aos sistemas eléctricos e de calefacción, á tabiquería semiindustrializada ou en seco ou á madeira laminada e os seus derivados, por exemplo, son perfectamente compatibles e poden convivir co uso dos materiais tradicionais.